

LUGAR, DATA E HORA DA REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO A DISTINTAS CATEGORÍAS

Infórmase que o **martes, 26 de abril** publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o **lugar, data e hora de realización dos exercicios da fase de oposición dos procesos selectivos para o acceso ás categorías** de calefactor/a, cociñeiro/a, condutor/a, electricista, lavandeiro/a, logopeda, mecánico/a, pasador/a de ferro, pinche (quendas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral), técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, telefonista, terapeuta ocupacional e traballador/a social, que realizarán os exercicios o 7, 8, 14 e 15 de maio próximos.

Como aspectos máis destacados:

- A acreditación para o acceso ao lugar de realización das probas efectuarase a través de código QR, que o/a aspirante terá á súa disposición en Fides/expedient-e, desde a data da publicación en DOG, e que deberá levar impreso o día do exame. Non se efectuará chamamento individualizado dos/das aspirantes.
- Así mesmo, cada aspirante terá asignado un número de posto de exame (mesa), que deberá ocupar para a realización das probas, e que se anticipará a efectos informativos desde o 26 de abril na páxina web do Sergas, ademais de formar parte da información contida no código QR.
- Non está permitido o acceso das persoas aspirantes ao interior do recinto de realización das probas con teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo con soporte de memoria.

Así mesmo, comunícase que o **mércoles, 27 de abril** publicaranse as puntuacións definitivas do proceso de actualización das listas de selección temporal das distintas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e médico/a de admisión e documentación clínica acollidas ao Pacto de decembro de 2018 así como as primeiras listas definitivas de médico/a de hospitalización a domicilio.

As listas entrarán en vigor a efectos de chamamentos a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Cronograma OPE 2022. SERVIZO GALEGO DE SAÚDE RECINTO, "Feira Internacional de Galicia ABANCA" SILLEDA. PONTEVEDRA			
Datas	Categoría	Quenda	Hora
Sábado, 7 de maio de 2022	Conductor/a	Mañá	9:30 h
	Pinche, (Acceso libre, Promoción interna e Discapacidade xeral)	Tarde	16:00 h
Domingo, 8 de maio de 2022	Calefactor/a	Mañá	9:30 h
	Logopeda		
	Técnico/a Superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información		
	Traballador/a Social		
	Técnico/a de Xestión de Sistemas e Tecnoloxías da Información	Tarde	16:00 h
	Lavandeiro/a		
Sábado, 14 de maio de 2022	Cociñeiro/a	Mañá	9:30 h
	Mecánico/a		
	Terapeuta Ocupacional		
	Telefonista	Tarde	16:00 h
Domingo, 15 de maio de 2022	Electricista	Mañá	9:30 h
	Pasador/a de Ferro	Tarde	16:00 h
	Técnico/a Especialista de Sistemas e Tecnoloxías da Información		